

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021524	CEIP Plurilingüe A Cristina	Carballo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	6º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no Decreto 155/2022, do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área de Música e Danza, a cal se organiza arredor de dous eixes fundamentais:

- Percepción e análise, que inclúe aspectos vencellados ao desenvolvemento de coñecementos, destrezas e actitudes relacionados co recoñecemento, recepción e observación sensitiva, visual, auditiva e corporal, que permiten unha aproximación ás diferentes manifestacións culturais e artísticas da contorna para analizala e comprendela.

- Creación e interpretación, que fai referencia á expresión creativa de ideas, sentimentos e sensacións, mediante a exploración, o coñecemento, a execución e a utilización creativa de diferentes códigos, elementos, ferramentas, instrumentos, materiais, medios, recursos, soportes, programas, aplicacións e técnicas culturais e artísticas

A presente PD está concibida para aportarlle ó alumnado uns coñecementos básicos que lle permitan observar, analizar e apreciar a realidade sonora, musical e corporal ao tempo que o prepara para gozar e participar das diferentes manifestacións artísticas, tanto na escoita activa coma na interpretación e creación propias. Por iso, darase especial importancia a dotar ao alumnado de técnicas axeitadas para que saiban expresarse mediante a música e o corpo como outro medios de comunicación e expresión.

Ao mesmo tempo, coa finalización deste 6º nivel remata tamén o 3º e derradeiro ciclo de primaria e esta etapa, algo contemplado nesta PD. Así pois, búscase que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no curso anterior, especialmente no 1º trimestre, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro. Ademais, o remate deste ciclo e etapa procuran neste centro e nesta materia que o alumnado teña mellorado significativamente na súa autonomía, especialmente no que ás súas producións artísticas se refire.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Viaxamos no tempo	Esta UD pretende, por un lado, repasar e afianzar os contidos de 5º primaria retomando a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc., e, polo outro, desenvolver a recepción activa e a vivencia dos elementos básicos da música e da danza a través de propostas musicais de diferentes épocas. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	30	13	X		
2	Imos de festa polo mundo	Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza, mais nesta ocasión, coñecendo propostas musicais de diferentes culturas. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	30	11		X	
3	Somos artistas!	A UD3 desenvolve un pouco máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados; nesta ocasión traballaremos propostas musicais de diferentes xéneros actuais, así como a música tradicional galega. O Día das Artes Galegas así como a semana das Letras Galegas serán de especial relevancia.	40	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Viaxamos no tempo	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Distingue propostas musicais de diferentes épocas.	TI	100
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas musicais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico destas.	Describe de forma guiada elementos da música presentes nas audicións traballadas: instrumentos, voces, calidades do son, elementos da música, profesións vinculadas.		
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Recoñece o pentagrama e as notas en clave de sol. Identifica e representa: redonda, branca, negra, dobre corchea, semicorcheas; compases 2/4, 3/4 e 4/4.		
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais.		
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as normas de comportamento durante a recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Reproduce, crea e improvisa coa voz, corpo e instrumentos ritmos e melodías sinxelas.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas musicais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos.		
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Coñece e utiliza os elementos da linguaxe musical traballados para a interpretación de obras musicais.		
CA2.4 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas musicais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Crea unha peza musical sinxela, de forma guiada, a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta as normas de comportamento durante a realización de actividades musicais e mostra unha actitude participativa.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Coñece e identifica danzas de diferentes épocas e procedencias.		
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico destas.	Investiga e describe danzas de diferentes épocas e procedencias.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Identifica as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as normas de comportamento durante a recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical cunha forma musical sinxela.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas escénicas e performativas, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Participa grupalmente na montaxe dunha danza e mostra interese por controlar a postura e a correcta execución dos pasos.		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas escénicas e performativas colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa na planificación colectiva dunha coreografía de acordo cunha estrutura musical dada, amosando interese por mellorar o produto final.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta as normas de comportamento durante a realización de actividades escénicas e performativas e mostra unha actitude participativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración.</li> </ul>

## Contidos

- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.
- A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións. Clasificación e comprensión dos mecanismos de produción sonora en cada un. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros.
- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición.
- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción á diferenciación auditiva entre subdivisión binaria e ternaria.
- A melodía e a forma musical. Identificación de formas sinxelas: monotemáticas, binarias, ternarias, canción popular, rondó simple e canon.
- A harmonía. Concepto de acorde, consonancia e disonancia. Diferenciación auditiva entre acorde maior e menor.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Principais xéneros musicais.
- Vocabulario específico de música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Construción de obxectos sonoros e instrumentos e exploración das súas posibilidades sonoras para o seu uso expresivo.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical.
- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias de recepción activa.
- Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Profesións vinculadas ás artes escénicas performativas. Coñecemento e valoración.
- Xéneros escénicos: aproximación a estes. Valoración da importancia da interpretación dramática no proceso artístico e do patrimonio vinculado ás artes escénicas e performativas.
- Vocabulario específico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- manter a atención durante a recepción.</li> <li>- O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.</li> <li>- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.</li> <li>- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.</li> <li>- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Imos de festa polo mundo	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Distingue propostas musicais tradicionais de diferentes culturas.	TI	100
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	A maiores dos elementos da linguaxe musical traballados ata o momento, identifica os signos de prolongación, matices (ff, mf, f, mp, p, pp), dinámicas (cresc., dim.), tempo (lento, andante, allegro, presto; Acell., Rit.)		
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Busca e selecciona información sobre manifestacións musicais de diferentes culturas.		
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Identifica as sensacións e emocións que lle producen as manifestacións musicais presentadas.		
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as normas de comportamento durante a recepción de propostas artísticas musicais.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea unha peza musical sinxela, en musescore, de forma guiada, a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas musicais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas de forma individual		
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Le e interpreta liñas rítmicas e melódicas cos elementos da linguaxe musical traballados.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas musicais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Interpreta pezas instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta as normas de comportamento durante a realización de actividades musicais e mostra unha actitude participativa		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Coñece e identifica danzas de diferentes procedencias.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Procura e selecciona información de xeito autónomo para elaborar un traballo sobre danzas do mundo		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Identifica as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as normas de comportamento durante a recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Participa grupalmente na produción de danzas tradicionais de diferentes procedencias..		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas escénicas e performativas, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Participa activamente nas danzas propostas e mostra interese por controlar a postura e a correcta execución dos pasos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa grupalmente na montaxe dunha danza e aporta ideas durante o proceso.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta as normas de comportamento durante a realización de actividades escénicas e performativas e mostra unha actitude participativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións. Clasificación e comprensión dos mecanismos de produción sonora en cada un. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros.</li> <li>- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición.</li> <li>- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción á diferenciación auditiva entre subdivisión binaria e ternaria.</li> <li>- A melodía e a forma musical. Identificación de formas sinxelas: monotemáticas, binarias, ternarias, canción popular, rondó simple e canon.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</li> <li>- Principais xéneros musicais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico de música.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.</li> <li>- Construción de obxectos sonoros e instrumentos e exploración das súas posibilidades sonoras para o seu uso expresivo.</li> <li>- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical.</li> <li>- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.</li> </ul>

## Contidos

- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias de recepción activa.
- Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Profesións vinculadas ás artes escénicas performativas. Coñecemento e valoración.
- Xéneros escénicos: aproximación a estes. Valoración da importancia da interpretación dramática no proceso artístico e do patrimonio vinculado ás artes escénicas e performativas.
- Elementos fundamentais da representación escénica. Roles, materiais e espazos. Teatralidade. Estrutura dramática básica.
- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
3	Somos artistas!	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Identifica música representativa de diferentes xéneros musicais.	TI	100
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Recoñece os elementos da linguaxe musical traballados ata o momento. Realiza ditados rítmicos e melódicos de dificultade progresiva.		
CA1.5 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Realiza un traballo grupal sobre diferentes xéneros musicais actuais.		
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Identifica as sensacións e emocións producidas polas manifestacións musicais propostas.		
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as normas de comportamento durante a recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce unha obra musical propia empregando ferramentas dixitais.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas musicais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas, aumentando a dificultade de forma progresiva.		
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Interpreta obras sinxelas cos instrumentos da aula seguindo unha partitura cos elementos da linguaxe musical traballados		
CA2.6 - Compartir os proxectos creativos musicais empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Participa nunha actuación musical grupal		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta as normas de comportamento durante a realización de actividades musicais e mostra unha actitude participativa.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Identifica diferentes propostas de danzas e bailes actuais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Realiza un traballo grupal sobre un xénero musical actual e as danzas asociadas.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Identifica as sensacións e emocións producidas polas manifestacións escénicas e performativas propostas.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as normas de comportamento durante a recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas escénicas e performativas, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Participa nas actividades de movemento e danza propostas mostrando interese na experimentación, execución correcta dos pasos e corrección na postura.		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos escénicos e performativos, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Participa nunha actuación musical/dancística grupal		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta as normas de comportamento durante a realización de actividades dancísticas e mostra unha actitude participativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións. Clasificación e comprensión dos mecanismos de produción sonora en cada un. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros.</li> <li>- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición.</li> <li>- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción á diferenciación auditiva entre subdivisión binaria e ternaria.</li> <li>- A melodía e a forma musical. Identificación de formas sinxelas: monotemáticas, binarias, ternarias, canción popular, rondó simple e canon.</li> </ul>

## Contidos

- A textura. Aproximación á discriminación auditiva de monodia, melodía acompañada e textura fuxida.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Principais xéneros musicais.
- Vocabulario específico de música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Construción de obxectos sonoros e instrumentos e exploración das súas posibilidades sonoras para o seu uso expresivo.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical.
- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.
- Uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias de recepción activa.
- Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Profesións vinculadas ás artes escénicas performativas. Coñecemento e valoración.
- Xéneros escénicos: aproximación a estes. Valoración da importancia da interpretación dramática no proceso artístico e do patrimonio vinculado ás artes escénicas e performativas.
- Vocabulario específico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por

## Contidos

- outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia. As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como os elementos transversais, os obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Tamén se terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, fomentarse o traballo colaborativo e en equipo e potenciarase a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

No que respecta á metodoloxía específica, nas clases de Música e Danza, fomentarse o carácter práctico da materia, no sentido de "aprender música, facendo música". Establecerase unha rutina en cada unha das sesións, que permitirá automatizar algunhas cuestións básicas a acadar, especialmente naqueles contidos que conlevan o emprego de aspectos específicos da linguaxe musical; e tamén para favorecer un clima de relaxación, atención e concentración.

En todas as unidades realizaranse actividades de audición activa, interpretación vocal e instrumental, creación musical, e montaxe de coreografías ou dramatizacións ao tempo que se van introducindo de forma progresiva os contidos teóricos específicos da linguaxe musical.

Para o deseño das sesións teranse en conta diferentes métodos pedagóxico-musicais:

- "Orff", para traballa-lo sentido do ritmo con emprego de instrumentos de percusión.
- "Kodaly", para a formación auditivo-vocal, empregando a fononimia.
- "Dalcroze" para a aprendizaxe musical a partir do movemento corporal.
- "Willens", para traballar os distintos aspectos musicais, en especial exercicios de percepción e recoñecemento dos parámetros do son.
- Wuytack: para o traballo de audicións activas con musicograma, esquemas de pregunta e resposta.
- Schafer: para traballar o entorno sonoro e a dicotomía ruído silencio, así como todo o que ten que ver coa experimentación.
- BAPNE ou Keith Terry: que aportan múltiples ideas para traballar a percusión corporal.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas

Altosfalantes
Piano electrónico
Fruita doce
Cartafol e estoxo (que traerá o alumnado á aula)

Neste centro, cóntase con variados instrumentos PAI e PAD, aínda que actualmente quedan escasos xa que moitos teñen un estado deficiente.

Por outra banda, a aula é ampla e ten 25 cadeiras pupitre colocadas en forma de U para favorecer a interacción do alumnado e para poder contar cun espazo amplo central para as actividades de movemento e danza.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste: cartafol, estoxo e fruta (se procede).

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras sesións ao comezo do curso levarase a cabo unha avaliación inicial. Para saber o punto de partida no que debemos comezar a traballar co alumnado realizaranse actividades variadas sobre aspectos vocais, corporais, motrices, de recepción auditiva, actitude, linguaxe musical etc... tendo en conta tanto ao alumnado do centro como ó alumnado de nova incorporación.

Segundo os datos obtidos, reflectirase e trasladarase de ser o caso, a necesidade de reforzos ou apoios que axuden ao alumnado a acadar os obxectivos propostos.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>30</b>	<b>30</b>	<b>40</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	<b>100</b>

#### Criterios de cualificación:

Os CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro a través de escalas de valoración e rúbricas, pois un grande número delas son de observación. As notas trimestrais, serán as correspondentes ó 100% do resultado de cada unha das UD.

A nota de cada trimestre obterase a través de rúbricas e escalas de valoración sobre os seguintes aspectos:

- 30% : Recepción, análise e cultura musical e escénica.
- 20% : Elementos fundamentais da música e linguaxe musical.
- 25% : Interpretación e creación musical
- 25% : Danzas, dramatizacións e outras propostas escénicas.

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:



- 1º trim. 30%
- 2º trim. 30%
- 3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- Se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- Se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

### **Cráterios de recuperación:**

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto tería lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. De ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

- Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).
- Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folia que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense os contidos e CA das UD1 e UD2, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia desta materia no que á avaliación continúa se refire.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; traballarase máis na

comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacústico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais, aquí numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

En xeral, a área de música é unha área na que a transversalidade é unha característica propia da materia. Todas as actividades se poden relacionar dun ou outro xeito cos elementos transversais.

- Creatividade e emprendemento: fundamental na área de música, con actividades de improvisación e ceación, de invención de partituras, danzas...
- Comprensión e expresión oral e escrita: actividades relacionadas coa linguaxe musical, as cancións, as lecturas e debuxos rítmicos...
- Comunicación audiovisual e competencia dixital: apps de creación musical, proxeccións sobre manifestacións culturais, creación de proxectos audiovisuais...
- Igualdade entre homes e mulleres e educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos: o traballo en equipo é fundamental en todas as actividades grupais, chegar a acordos, unir forzas para conseguir un fin... Facemos especial fincapé en que todos e todas somos iguais, coas mesmas oportunidades, os mesmos dereitos e deberes, así como no respecto e na actitude comprensiva de cara ás opinións propias e alleas e de axuda entre eles e elas cando sexa preciso. Trabállase máis especificamente arredor do día da paz e a non violencia.
- Consumo responsable e desenvolvemento sostible: construción de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos, con materiais da contorna ou de reciclaxe...
- Educación para a saúde: actividades de movemento, coordinación, coidado do corpo (relaxación, respiración...), etc...

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico	Intentarase asistir a un concerto didáctico no Palacio da Ópera		X	
Obradoiros e outras actividades de música e danza	Actividades que nos poidan ofertar ao longo do curso	X	X	X
Festival de Fin de Curso	Concerto de todo o centro (con coreografías e interpretacións musicais do alumnado).			X
Festividades do centro	Conmemoracións e festividades que se traballen dende a aula de música (Magosto e Samaín, Día da Paz, Letras Galegas...)	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.

<b>Metodoloxía empregada</b>
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Consegiuse que os nenos e nenas comprenderan as tarefas resolvendo con claridade, de ser o caso, as dúbidas plantexadas.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
<b>Clima de traballo na aula</b>
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoioue a implicación das familias no traballo do alumnado.

### Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluírse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen aquí recollidas.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

### 1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

### 2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

### Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

-Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

Toda esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## **9. Outros apartados**